

Nota de prensa

Mellor campaña de comunicación de RSC dirixida á sociedade civil

O PROGRAMA EDUCATIVO EN ALIMENTACIÓN E HÁBITOS DE VIDA SAUDABLES DE EROSKI RECIBE O PREMIO OCARE

- A iniciativa busca sensibilizar sobre a importancia de ter unha alimentación equilibrada e un estilo de vida saudable
- As escolas inscritas no programa supoñen o 20% dos centros escolares de Educación Primaria de toda España
- As organizacións Unicef, WWF, a Fundación Española do Corazón e o Basque Culinary Center son colaboradores da Escola de Alimentación e elaboraron parte dos contidos do programa
- A Fundación EROSKI desenvolve accións que achegan valor e coñecemento sobre estilos de vida saudables e solidarios dende hai máis de 20 anos

Madrid, 29 de outubro do 2017.- [O Observatorio da Comunicación e a Acción da Responsabilidade Empresarial \(OCARE\)](#) premiou o *Programa Educativo en Alimentación e Hábitos de Vida Saudables (PEAHS)* que desenvolve a [Escola de Alimentación](#) da [Fundación EROSKI](#) como unha das mellores accións de comunicación de RSC desenvolvidas no 2016 en España.

Concretamente obtivo o premio á "Mellor campaña de comunicación de RSC coa sociedade civil" desta II Edición dos Premios OCARE, que teñen como obxectivo recoñecer as mellores iniciativas e accións da Comunicación arredor da Responsabilidade Social Corporativa (RSC).

O responsable da Escola de Alimentación da Fundación EROSKI, Eduardo Cifrián, xunto a representantes das organizacións que colaboran no PEAHS (Unicef, WWF, Fundación Española do Corazón e Basque Culinary Center), recolleu o galardón na gala que se celebrou no Salón de Graos da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade CEU San Pablo en Madrid.

Logo de facer extensivo o recoñecemento a todas as persoas e organizacións que colaboran e participan con este proxecto da Escola de Alimentación, Cifrián lembrou que *"a Fundación EROSKI desenvolve accións que achegan valor e coñecemento sobre estilos de vida saudables dende hai máis de 20 anos. Esta iniciativa naceu coa vocación de fomentar unha alimentación sa e uns hábitos de vida saudables entre os máis pequenos. Hoxe xa se converteu nun punto de*

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

encontro de profesionais da saúde, profesores, pais, escolares e cidadáns, preocupados por melloraren o seu estilo de vida. Este recoñecemento ánimanos a continuar desenvolvendo o noso compromiso de movernos xuntos cara a unha sociedade máis sa e, polo tanto, máis feliz".

Os Premios OCARE 2017 destacan a capacidade estratéxica, as mensaxes e o enxeño na difícil tarefa de comunicar ou difundir iniciativas de RSC emprendidas en España. OCARE naceu no 2014, impulsado pola Universidade CEU San Pablo e mais a consultora Medialuna, co fin de animar a empresas e institucións a comunicar máis e mellor a súa RSC. O seu equipo directivo e o seu Consello Asesor está conformado por recoñecidos profesionais do eido da Comunicación e da Responsabilidade Social Corporativa.

Unha exitosa iniciativa de sensibilización para fomentar unha vida sa

Máis de 409.000 escolares de Primaria de 2.821 escolas diferentes participaron no *Programa Educativo en Alimentación e Hábitos de Vida Saudables* (PEAHS) que desenvolve a Escola de Alimentación da Fundación EROSKI. As escolas inscritas no programa supoñen o 20% dos centros escolares de Educación Primaria de toda España.

O programa configurouno un Comité Científico formado por profesionais de diferentes disciplinas: medicina e pediatría, nutrición e dietética, psicopedagogía e pedagogía. O seu obxectivo é sensibilizar os nenos e nenas de Primaria e o seu contorno sobre a importancia de levaren unha alimentación equilibrada e uns hábitos de vida saudables para tratar de frear a tendencia crecente da taxa de obesidade infantil cun programa á súa medida que lles ensina a comer san e a medrar fortes.

Outros recoñecementos

O PEAHS conta con numerosos recoñecementos, entre eles o Premio "O Chupete" no Festival Internacional de Comunicación Infantil en recoñecemento á comunicación dirixida a menores; o Premio NAOS outorgado polo Ministerio de Sanidade e Consumo en recoñecemento á súa contribución á saúde dos consumidores e á difusión de hábitos de vida saudables; o Selo Gosasun de Innobasque (Axencia Vasca de Innovación); Premio Cidadán na categoría de Saúde e Calidade de Vida; e o Premio do Centro Catalán da Nutrición (CCNIEC).

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)